



## Concello de Xinzo de Limia

### ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/7	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

8 de agosto de 2024

**Duración:**

Desde las 9:05 hasta las 10:30

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello

**Presidida por:**

Amador Diaz Penin

**Secretario:**

Marta María Gómez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
34985977X	ANTONIO FERNANDEZ VEIGA	SÍ
34997410N	Amador Diaz Penin	SÍ
76730752S	CAMILO VILA GARCIA (Asiste vía telemática)	SÍ
44481550X	CRISTINA CAMPERO DORADO	SÍ
34729730Y	Carlos Gomez Salgado	SÍ
76726643T	Carlos López Montero	SÍ
34995266F	MANUEL POZO FARIÑAS	SÍ
34953793A	Maria de los Angeles Martinez Marra	SÍ
34954787P	RAMON GOMEZ SALGADO	SÍ
44459813P	Rafael Penabad Gonzalez	SÍ
76709485T	Ricardo Sieiro Opazo	SÍ
44485126K	VICTOR RODRÍGUEZ AVILÉS	SÍ
34944140X	elvira LAMA fernandez	SÍ

Asisten a Adxunta a Secretaría dona M<sup>a</sup> Dolores Fernández Salgado, e o informático municipal Jorge Luís Gómez Yáñez.

A proposta da concelleira dona Elvira Lama Fernández antes de dar comezo ó pleno





## Concello de Xinzo de Limia

gárdase un minuto de silencio en homenaxe ó recentemente falecido exconcelleiro da Corporación e pai dunha exconcelleira don **Daniel Blanco Rodríguez**.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

<b>A) PARTE RESOLUTIVA</b>	
<b>Aprobación da acta da sesión anterior</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

O Sr. **Presidente** pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día **06/06/2024**.

Sometida a votación **resulta aprobada por unanimidade a acta referida**.

<b>Expediente 5248/2024. Proposta de días festivos de carácter local 2025:</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### Resolución:

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Cultura, Turismo, Educación e Relacións Institucionais**, do día **02/08/2024**, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data **29/07/2024**, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día **16/7/2024** (nº **2024-E-RC-4715**), remitido polo *Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social, da Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade*, por medio do cal dan traslado do calendario laboral para o ano **2025** na Comunidade Autónoma de Galicia, e solicitan a proposta relativa ós días festivos de carácter local para o ano **2025**, nos termos do artigo **37.2** do Real Decreto Lexislativo **2/2015**, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e do artigo **46** do Real Decreto **2001/1983**, sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especiais e descanso.

### PROPOÑO:

**1. Aprobar a proposta para a declaración de Festivos de carácter local para o ano 2025, sendo os seguintes:**

\* **04/03/2025**, "Martes do Entroido".

\* **18/07/2025**, "Festas de Santa Mariña".

**2. Que se remita a proposta á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.(...)"**

Non producíndose debate resulta **ditaminado favorablemente, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

**PRIMEIRO.- Aprobar a proposta para a declaración de Festivos de carácter local para o ano 2025, sendo os seguintes:**

\* **04/03/2025**, "Martes do Entroido".

\* **18/07/2025**, "Festas de Santa Mariña".

**SEGUNDO.- Que se remita a proposta á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. (...)"**

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o**





## Concello de Xinzo de Limia

### seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Aprobar a proposta para a declaración de Festivos de carácter local para o ano 2025, sendo os seguintes:**

\* 04/03/2025, “Martes do Entroido”.

\* 18/07/2025, "Festas de Santa Mariña".

**SEGUNDO.- Que se remita a proposta á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.**

<b>Expediente 5434/2024. Moción do Grupo Municipal Socialista para a adhesión ao Programa Axente Titor do Ministerio de Sanidade:</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0

### **Resolución:**

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras e Mobilidade**, do día 02/08/2024, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a moción presentada polo **Grupo Municipal Socialista**, do seguinte teor literal:

“(…) No Concello de Xinzo temos catro centros escolares; dous de primaria e dous de secundaria con 1.500 alumnos e alumnas, que cada día se enfrontan a numerosos desafíos dos cales poden saír ben ou mal parados. Os escárceos cos sustancias aditivas empezan en idade escolar nunha taxa que vai en aumento, si falamos de sustancias que están aceptadas socialmente, como son o tabaco e o alcohol, pero tamén outras sustancias e as novas tecnoloxías...A partir de estes consumos poden aparecer outros consumos tamén aditivos e perigosos sobre os que compre sensibilizar a poboación menor dos seus riscos.

Temos un corpo da policía local de 15 axentes que prestan os seus servizos a unha cidadanía que evoluciona cada día e que necesita que determinadas problemáticas se resolvan antes de que xurdan problemas de maior calado. Una Policía especializada, moderna y comprometida cos valores da sociedade actual, toma como referencia: a vocación, o servizo a cidadanía, a prevención e a proactividade, así como outros valores como a especialización, a colaboración co tecido social e a participación cidadá.

Dende o ano 2012 o Ministerio de Sanidade, a través da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, conxuntamente cos corpos da policía local dos municipios adheridos ten posto en marcha o Programa Axente Titor. O Protocolo Marco do programa centra a súa atención nas actuacións que teñen que ver con situacións relacionadas co entorno escolar, como son a prevención de drogodependencias, o absentismo escolar ou a violencia entre iguais. Tamén en problemáticas detectadas no medio aberto, como o consumo na vía pública ou a venda de alcohol e tabaco a menores en locais e establecementos públicos. Do mesmo xeito, ten en conta outras incidencias que acontecen no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación.

O Programa Titor é un servizo da Policía Local especializado na promoción do ríspeto da infancia, polo que a súa intervención centrase na protección aos menores e na prevención do entorno escolar, en coordinación co resto de profesionais da rede de recursos municipais. De forma xeral, o Programa Axente Titor desenvólvese a nivel local, dando mostra de certa variabilidade nas funcións asignadas aos axentes titores, principios de intervención e metodoloxías. Esta diversidade permite unha adecuada adaptación as necesidades concretas de cada municipio.

Dentro do Programa están definidos os principios, as metodoloxías, o ámbito de aplicación e as





## Concello de Xinzo de Limia

funcións que deberían desempeñar: Prioridade da acción preventiva.

- \* Intervención directa dos axentes especializados en tódolos requirimentos relacionados con menores de idade.
- \* Favorecer a integración e normalización do menor no seu medio social.
- \* Colaboración e coordinación coas entidades e servizos sociais comunitarios.
- \* Orientación de tódalas intervencións no primordial interese do menor.
- \* Transparencia na elaboración de unha memoria anual accesible a comunidade.
- \* Accesibilidade a tódolos profesionais que traballan con menores de idade co fin de colaborar e informar do traballo dos Axentes Titores, tamén coas AMPAS dos centros educativos.

Para desenvolver o traballo dos axentes titores, existe unha asociación nacional, que dan soporte e apoio a este tipo de profesionais da seguridade cidadá. A súa formación pode ser presencial ou mediante curso on-line de formación acreditada, para formar aos posible axentes que se destinen a exercer estas funcións.

Una vez rematado cada curso escolar, é importante elaborar unha memoria das actuacións en materia de axente titor, para recoller tódalas accións levadas a cabo, coñecer a tipoloxía das intervencións, así como a súa intensidade. Estes datos permiten deseñar campañas, protocolos u outras actuacións necesarias en base os datos estatísticos. Tamén esta información serve para cotexala coas memorias de anos anteriores e saber a evolución das intervencións. Para facilitar esta recollida de datos, xa teñen deseñado un Modelo de presentación da memoria de actuacións por curso escolar.

Temos a sorte de que o actual Inspector xefe da Policía Local de Xinzo prestou servizos no concello de A Coruña, onde xa esta implantado este programa e coñece de primeira man as vantaxes para a comunidade en xeral e para os menores e as familias en particular

Por todo o exposto o Grupo Municipal socialista presenta a debate e aprobación a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

**1.- Que o Concello de Xinzo de Limia solicite a adhesión ao “PROTOCOLO MARCO DEL PROGRAMA AGENTE TUTOR” da FEMP a maior brevidade, para que se podan formar aos efectivos destinados a tal fin para ofrecer este servizo no vindeiro curso escolar 2024-2025. (...)**

A proponente da moción, **Elvira Lama Fernández**, procede a expoñer a citada moción.

Intervén o Concelleiro **Ramón Gómez Salgado** para indicar que o Inspector-Xefe da Policía Local do Concello e a Concellería de Tráfico están a traballar sobre este tema dende hai tempo pero que existe certa complexidade pois requírinse a adicación dun policía a estas funcións, o que suporía unha merma na plantilla a maiores da praza que está sen cubrir, sendo desexable que foran dous policías, requiríase ademais un vehículo sen rotular e unha oficina fora da Policía Local, así mesmo aclara que é posible a adhesión sen que implique poñer en marcha o servizo de xeito inmediato, remata a súa intervención salientando a voluntariedade por parte dos axentes para realizar dito proxecto.

Intervén **Elvira Lama** indicando que xa ten coñecemento do asunto porque falou co Xefe da Policía, pero que é preciso poñerse en marcha para tratar de realizar a implantación o antes posible.

Tralo debate a moción **resulta aprobada, cos votos a favor da moción dos concelleiros do grupo municipal “ÁXIL” (1, e 1 o Alcalde), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (3), co voto a favor dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE (3), e coa abstención do grupo municipal do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo: PRIMEIRO: Solicitar a adhesión ao “PROTOCOLO MARCO DEL PROGRAMA AGENTE TUTOR” da FEMP.**





## Concello de Xinzo de Limia

**SEGUNDO: Facultar ao Sr. Alcalde para cantos trámites sexan necesarios de cara a dita adhesión. (...)**

Tras a lectura da moción pola propoñente, o Sr **Alcalde** abre a **quenda de intervencións**:

O **Sr. Camilo Vila García** comeza a súa intervención indicando que sempre apoiará calquera medida que sexa a prol da protección dos menores pero neste caso atopámonos ante un programa que foi implantado hai doce anos que se trae con urxencia ó pleno e que considera que adolece dunha serie de eivas pois a conceptos que están mesturados e ademais a iniciativa non está inxerida nun plan maior que inclúa aos profesionais da comunidade educativa que son os que teñen maior competencia neste ámbito, motivo polo que anuncia a abstención.

O **Sr. Ramón Gómez Salgado** intervén para manifestar que dende a concellería xunto coa policía local levan tempo estudando a implantación deste proxecto se ben é difícil cumprir coas esixencias de medios persoais e técnicos requiridos polo programa, motivo polo que preténdese levar a cabo a súa implantación progresiva.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** expón que os conceptos recollidos na moción foron extraídos do contido do programa e que o motivo da proposta non é a urxencia senón intentar que o Concello de Xinzo abandee a protección da infancia. Engade que a intención é que se den os primeiros pasos para que con posterioridade se desenvolva o programa como xa se fixo co programa VIOGEN no seu momento que permitiu que a data actual nos subvencionen 19.000 euros ó ano.

O **Sr. Camilo Vila García** reitera a defensa do papel dos educadores en todo o relacionado coa infancia, motivo polo que insiste en tratar este asunto coa debida preparación mediante un estudo baseado en datos do Concello de Xinzo coa intervención de todos os axentes implicados. Por último insta ao grupo de goberno a afrontar o problema do tráfico de substancias por persoas adultas que cada vez ten máis importancia en Xinzo de Limia.

O **Sr. Alcalde** remata a quenda de intervencións felicitando ó Concelleiro e ó inspector xefe de policía local polo traballo desenvolto que permitirá que se comece a traballar neste programa de xeito progresivo.

*Tralo debate a moción resulta **aprobada**, cos votos a favor da moción dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE (4) , cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal “ÁXIL” (2, e 1 o Alcalde), cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal popular (4) e coa abstención dos concelleiros do grupo municipal do BNG (2), adoptándose o seguinte acordo:*

**PRIMEIRO:** Solicitar a adhesión ao “PROTOCOLO MARCO DEL PROGRAMA AGENTE TUTOR” da FEMP.

**SEGUNDO:** Facultar ao Sr. Alcalde para cantos trámites sexan necesarios de cara a dita adhesión.

<b>Expediente 4911/2024. Adhesión ao Convenio marco de cooperación entre a Deputación Ourense e os Concellos para o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran:</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

**Resolución:**

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**\*\*, \*\* do día 02/08/2024, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 29/07/2024, do seguinte teor literal:





## Concello de Xinzo de Limia

“(…) Vista a notificación remitida pola Deputación Provincial de Ourense, por medio do cal comunican que aprobaron o *Convenio Marco de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos da provincia para que a Deputación Provincial preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran*, habendo sido publicado no BOP número 127 do 2 de xullo do 2024.

Visto o informe da **Técnica de Emprego**, de data 03/07/2024, do seguinte teor literal:

“(…) **Asunto: Convenio marco de cooperación entre a Deputación Ourense e os Concellos para o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios que se adhiran.**

**Expte. Gestiona:** 4911/2024

### INFORME:

**PRIMEIRO.-** O obxecto deste convenio é regular as condicións para que a Deputación Provincial de Ourense preste, en réxime de competencia delegada e con carácter intermunicipal, o servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local nos municipios da provincia, establecendo o réxime xurídico e económico.

**SEGUNDO.-** En virtude da adhesión ao presente convenio, os concellos delegan na Deputación Provincial o exercicio da totalidade das competencias municipais de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida de residuos de competencia local, incluídas as competencias sancionadoras en materia de residuos que, conforme coa lexislación vixente, lles correspondan aos concellos.

**TERCEIRO.-** Os concellos adheridos ao Convenio que tivesen delegado as competencias para establecer, impoñer e ordenar as taxas ou prezos públicos para prestar o servizo, quedan automaticamente adheridos ao presente convenio sen necesidade de realizar ningún trámite, agás que manifesten o contrario (recóllese a relación no anexo I).

**CUARTO.-** A forma de adherirse a este convenio por parte dos concellos adheridos ao Convenio marco de delegación e que non tivesen delegado as competencias para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos para prestar o servizo, será a establecida na cláusula décima.

**QUINTO.-** A delegación das competencias de ordenación, xestión e prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos de competencia local comprenderá o exercicio das seguintes funcións:

- a) Ordenar o servizo, que inclúe o establecemento ou modificación das súas condicións de prestación e a elaboración e aprobación da correspondente ordenanza reguladora.
- b) Establecer, impor e ordenar as taxas provinciais pola súa prestación.
- c) Elixir a forma de xestión do servizo, de entre as recollidas na lexislación de réxime local.
- d) Planificar o servizo, establecendo, para tal efecto, as rutas e calendarios de recollida, a localización de colectores e as condicións da súa prestación que non requiran a aprobación dunha ordenanza, así como a planificar e programar os investimentos que procedan para a súa ampliación, desenvolvemento ou mellora.
- e) Exercer a potestade sancionadora, que incluírá a inspección e comprobación de que se cumpre a normativa vixente en materia de residuos de competencia local, así como emitir ordes de execución, cando legalmente proceda.
- f) Asumir, fronte a terceiros, os dereitos e obrigas que lle corresponderían ao concello adherido en tanto que titular do servizo nas relacións xurídicas derivadas da prestación do servizo.





## Concello de Xinzo de Limia

- g) Dirixir ao persoal adscrito ao servizo.
- h) Organizar os traballos de recollida, realizar campañas de información entre a poboación, resolver as reclamacións e, en xeral, adoptar cantos actos e disposicións cumpran para garantir a prestación normal, regular e continuada do servizo.
- i) Contratar a xestión indirecta do servizo, se é o caso.
- j) Contratar as prestacións accesorias ao servizo, así como contratar as obras, subministracións ou servizos necesarios para a súa xestión.
- k) Resolver os recursos administrativos interpostos contra os actos ditados en exercicio das competencias delegadas, e exercer cantas accións administrativas ou xudiciais procedan en relación co servizo delegado.

SEXTO.- O servizo de recollida de residuos de competencia municipal comprende recoller, transportar e entregar a un xestor autorizado – de conformidade co establecido no Plan de Xestión de Residuos Municipais de Galicia- a totalidade dos residuos que de acordo coa lexislación vixente teñen a consideración de residuos municipais e sexan de competencia local. Nesta definición, enténdense comprendidas a recollida selectiva de papel– cartón, vidro e envases lixeiros, biorresiduos, téxtiles, así como calquera outro servizo de recollida de residuos que, durante a vixencia do presente convenio, poida atribuírselle pola lexislación vixente á competencia municipal. Considérase incluída, igualmente, no ámbito da delegación a construción, ordenación e xestión de puntos limpos, áreas ou illas de acopio e composteiros comunitarios.

SÉTIMO.- A delegación do exercicio das competencias relativas ao servizo de recollida de residuos de competencia local non suporá a cesión da titularidade da competencia, que en todo momento seguirá a ser municipal, e delegarase unicamente o seu exercicio.

OITAVO.- O réxime económico do servizo regularase mediante a correspondente ordenanza fiscal ou de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario.

NOVENO.- O presente convenio, que regula os elementos fundamentais da delegación de competencias entre administracións locais, terá vixencia indefinida.

DÉCIMO.- Os concellos da provincia de Ourense poderán adherirse ao presente convenio marco mediante o **acordo do pleno** respectivo no que se **aprobe a dita adhesión, coa aceptación expresa da totalidade das súas cláusulas.**

DÉCIMO PRIMEIRO.- No suposto de concellos que xa estivesen adheridos ao anterior convenio marco de delegación e non tivesen delegado as súas competencias para establecer, impor e ordenar as taxas ou prezos públicos por prestar o servizo poderán adherirse ao presente convenio marco mediante o acordo do pleno respectivo no **\*\*que se manifeste a súa vontade de delegar a dita competencia en materia fiscal deberán comunicarlle a súa decisión á Deputación Provincial de Ourense no prazo de 2 meses dende a publicación no BOP.** Pasado este tempo sen comunicar o acordo plenario, o Convenio marco de delegación entrará en fase de resolución.

DÉCIMO SEGUNDO.- A eficacia desta delegación será o día 1 de xaneiro de 2025. (...)"

Visto que o Concello de Xinzo de Limia xa está adherido o Convenio anterior en virtude de acordo plenario de data **27/12/2012.**

### Visto informe de Secretaría e Intervención

En base ao anterior **PROPOÑO** ao plenario municipal:

**PRIMEIRO: Incluir na delegación de competencias á Deputación Provincial de Ourense en materia de residuos sólidos municipais, a de establecemento, imposición e ordenación das taxas**





## Concello de Xinzo de Limia

ou prezos públicos pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos de competencia local.

**SEGUNDO:** Trasladar o presente acordo á Deputación Provincial de Ourense aos efectos oportunos. (...)”

Tralo debate a proposta resulta aprobada, cos votos a favor do Sr. Alcalde e do concelleiro do grupo Axil (2), cos votos a favor dos concelleiros do grupo municipal PP (3), coa abstención dos concelleiros do grupo municipal PSOE (3), e coa abstención do concelleiro do BNG (1), coa seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO:** Incluír na delegación de competencias á Deputación Provincial de Ourense en materia de residuos sólidos municipais, a de establecemento, imposición e ordenación das taxas ou prezos públicos pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos de competencia local.

**SEGUNDO:** Trasladar o presente acordo á Deputación Provincial de Ourense aos efectos oportunos. (...)”

**Sr. Alcalde abre a quenda de intervencións:**

O Sr. **Camilo Vila García** anuncia o voto a favor se ben puntualiza que é unha mágoa que non se poida prestar o servizo directamente polo Concello e remata a súa intervención apelando a que se siga mellorando o servizo mediante a implantación das novas tecnoloxías que se recollen no PLAN RENOVA .

A Sra. **Elvira Lama Fernández** anuncia o voto a favor o entender que a Deputación presta un bo servizo e que o mesmo sería imposible prestalo a través do Concello. matizando nembargantes que consideran discutibles os custes trasladados pola empresa SOGAMA.

O Sr. **Alcalde** remata a quenda de intervencións manifestando que non é factible que o Concello preste o servizo coa calidade do servizo provincial, se ben o mesmo debe mellorarse tal e como se está facendo coa implantación das novas tecnoloxías.

Tralo debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** *Incluír na delegación de competencias á Deputación Provincial de Ourense en materia de residuos sólidos municipais, a de establecemento, imposición e ordenación das taxas ou prezos públicos pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos sólidos de competencia local.*

**SEGUNDO:** *Trasladar o presente acordo á Deputación Provincial de Ourense aos efectos oportunos.*

Expediente 4940/2024. Adhesión á Central de Contratación da FEGAMP para os servizos postais e telegráficos:	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

**Resolución:**

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 02/08/2024, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 29/07/2024, do seguinte teor literal:

“(…) Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2024, do seguinte teor literal:







## Concello de Xinzo de Limia

### “(…) Expediente 4940/2024. ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA OS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRAFICOS:

Vista a **Proposta de Alcaldía** de data 2/7/2024

“(…) Vistos os antecedentes obrantes no expediente, propónse adoptar acordo de adhesión á Central de Contratación da FEGAMP nos termos que a continuación se reproducen:

#### “ACORDO DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP ANTECEDENTES

**PRIMEIRO:** A Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP) por acordo da Comisión Executiva, de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación como un servizo especializado da Federación para os servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, así como os organismos autónomos e entes públicos dependentes deles, ao amparo do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de Contratos do Sector Público.

**SEGUNDO:** O Concello de Xinzo de Limia manifestado o seu interese na contratación centralizada do servizo postal e telegráfico e, polo tanto, está interesada en formalizar a adhesión á Central de Contratación creada pola FEGAMP.

Xa que logo, sendo de interese para esta entidade a utilización da Central de Contratación da FEGAMP, o Concello de Xinzo de Limia segundo as normas de réxime local, **ACORDA:**

1º.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.

2º.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

3º.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.

4º.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Xinzo de Limia obrígase a:

a) Designar a D. Alberto Fraga González, tesoureiro municipal, con correo electrónico [xinzotesoreria@gmail.com](mailto:xinzotesoreria@gmail.com) para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.  
b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.

c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.

d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.

e) En relación á facturación, indicar que o código DIR é o seguinte: L01320322.

f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

5º.- Facultar ao representante da entidade para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.

A adhesión á Central de Contratación da FEGAMP surtirá efecto a partir do día seguinte á data de





## Concello de Xinzo de Limia

toma do presente Acordo e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non se modifique, denuncie ou resolva por vontade dunha das partes. (...)"

Visto o informe de Secretaría e Intervención.

**A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade dos membros asistentes, o seguinte:**

**Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.**

**Segundo- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.**

**Terceiro.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.**

**Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Xinzo de Limia obrígase a:**

- Designar a D. Alberto Fraga González, tesoureiro municipal, con correo electrónico xinzotesoreria@gmail.com para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP toda a información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, indicar que o código DIR é o seguinte: L01320322.
- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.

**Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo. (...)"**

**En base ao anterior PROPOÑO ao plenario municipal:**

**ÚNICO: Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2024 nos seguintes termos:**

***"(...) Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.***

***Segundo- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.***

***Terceiro- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.***

***Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Xinzo de Limia obrígase a:***





## Concello de Xinzo de Limia

- a) Designar a D. Alberto Fraga González, tesoureiro municipal, con correo electrónico xinzotesoreria@gmail.com para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.
  - b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
  - c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
  - d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
  - e) En relación á facturación, indicar que o código DIR é o seguinte: L01320322.
  - f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.
- Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo. (...)**

Sen producirse debate **a proposta resulta aprobada, por unanimidade, coa seguinte proposta de acordo:**

**ÚNICO: Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2024 nos seguintes termos:**

**“(...) Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.**

**Segundo.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.**

**Terceiro.- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.**

**Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Xinzo de Limia obrígase a:**

- a) Designar a D. Alberto Fraga González, tesoureiro municipal, con correo electrónico xinzotesoreria@gmail.com para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.
  - b) Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.
  - c) Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
  - d) Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
  - e) En relación á facturación, indicar que o código DIR é o seguinte: L01320322.
  - f) Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.
- Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.(...)**

Sen producirse debate a proposta resulta **aprobada, por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

**ÚNICO: Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05/07/2024 nos seguintes**





## Concello de Xinzo de Limia

**termos:**

**“(…) Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados pola mesma.**

**Segundo- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado por dita Central de Contratación durante o prazo establecido no mesmo, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.**

**Terceiro- Emitir o correspondente documento de compromiso de reserva do crédito, conforme á estimación de prezo do servizo para a entidade que se recolle nos pregos de cláusulas administrativas.**

**Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, a entidade Concello de Xinzo de Limia obrígase a:**

- Designar a D. Alberto Fraga González, tesoureiro municipal, con correo electrónico xinzotesoreria@gmail.com para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza naqueles.**

- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requerida en relación coa execución dos servizos contratados.**

- Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.**

- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.**

- En relación á facturación, indicar que o código DIR é o seguinte: L01320322.**

- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.**

**Quinto.- Facultar ao Sr. Alcalde para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente Acordo.(…)”**

<b>Expediente 5400/2024. Aprobación inicial do acordo regulador de establecemento e ordenación de prezos públicos en relación a actividades deportivas dirixidas fora da auga impartidas para completar a oferta de servizos da Piscina Climatizada:</b>	
--	--

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento</b>
------------------	--

**Resolución:**

Consta no expediente o **Ditame da Comisión Informativa de Medio Rural, Medio Ambiente, Facenda e Especial de Contas**, do día 02/08/2024, do seguinte teor literal:

“(…) Vista a **Proposta da Alcaldía**, de data 29/07/2024, do seguinte teor literal:

**“(…) PROPOSTA ALCALDÍA APROBACIÓN ACORDO REGULADOR DE ESTABLECIMENTO E ORDENACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS EN RELACIÓN A ACTIVIDADES DEPORTIVAS DIRIXIDAS FORA DA AUGA IMPARTIDAS PARA COMPLETAR A OFERTA DE SERVICIOS DA PISCINA CLIMATIZADA**

Vista a memoria económica en relación ó establecemento de prezos públicos en relación actividades deportivas dirixidas fora da auga impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada.





## Concello de Xunzo de Limia

Visto informe de secretaría e intervención emitido en sentido favorable.

### PROPOÑO

**PRIMEIRO.** Aprobar ó acordo regulador para o establecemento de prezos públicos en relación actividades deportivas dirixidas fora da auga impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada do seguinte teor literal:

**“Acordo regulador do establecemento e ordenación de prezos públicos en relación ás actividades deportivas dirixidas fora da auga impartidas para completar a oferta de servizos da piscina climatizada**

#### **Artigo 1º.- Fundamento legal.**

